

EDUCACIÓN, EMPREGO E POBOACIÓN DE GALICIA

MARÍA DEL CARMEN GUISÁN SEIJAS

Departamento de Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 20 outubro 2000

Aceptado: 24 outubro 2000

Resumo: Neste traballo destácase o déficit educativo como o factor máis decisivo na explicación das dificultades de converxencia real coa media europea en PIB por habitante e en taxas de emprego non-agrario, tanto no caso de Galicia como no de España ó longo dos dous primeiros tercios do século XX. A mellora educativa que ámbalas dúas experimentaron no último tercio do século contribuíu a mellora-lo proceso de converxencia coa UE, aínda que son moitas as medidas que cómpre adoptar para impulsa-los recursos económicos e organizativos da educación ata os niveis dos países máis avanzados.

Ademais, analízanse importantes relacións existentes entre evolución económica e crecemento demográfico, de forma que o estancamento demográfico de Galicia é máis consecuencia da necesidade de adapta-lo seu peso poboacional no conxunto de España ó seu peso productivo e laboral do que un problema derivado da diminución das taxas de natalidade. Explicanse algúns factores que influíron na evolución demográfica recente e insístease na necesidade de impulsa-la educación, o investimento industrial e maila investigación en Galicia para conseguir unha dinamización económica que permita aumenta-lo seu peso relativo en España.

A insistencia na necesidade do incremento do capital humano e do capital social abórdase desde a perspectiva dos expertos internacionais en economía da educación e, polo tanto, foxe das tendencias actuais da política investigadora en España, que dedica os seus maiores apoios ó investimento en tecnoloxía, xa que a experiencia histórica e a análise das relacións económicas reais nos indican que a tecnoloxía só é unha parte do progreso e que a calidade da investigación noutros campos, tanto de humanidades como de ciencias socioeconómicas e outras materias, é de gran relevancia para o progreso.

Palabras clave: Demografía de Galicia e España / Emprego e poboación / Educación e desenvolvemento.

EDUCATION, EMPLOYMENT AND POPULATION IN GALICIA

Summary: This paper points out the educational deficit as the most decisive factor to explain the difficulties of real convergence with European average in GDP per inhabitant and in non-agricultural employment rate, both in the case of Galicia and in the rest of Spain during the first two thirds of the 20th century. The educational improvement experienced by both during the last third of the century has contributed to improve the convergence process with the EU, although there are many measures that must be taken to boost the organizational and economic resources of education to the level of the most advanced countries.

Important relations existing between the economic evolution and the demographic growth are also analyzed so that the demographic stagnation in Galicia is more a consequence of the need to adapt its population weight in Spain as whole to its productive and labour weight than a problem derived from the diminution of the birth-rate index. Some factors that exerted influence on recent demographic evolution are explained and it is insisted on the need to boost education, industrial investment and research in Galicia in order to achieve an economic dynamization that will enable the increase of its relative weight in Spain.

The insistence on fostering the increase of human and social capital is dealt with from the perspective of international experts on the economy of education and thus it avoids the present trends of research policy in Spain that devotes its greater support to investment in technology, since historical experience and the analysis of real economic relations is just a part of the progress and that the quality of research in other fields, both in humanities and in socio-economic sciences as well as in other subjects, is of great relevance to progress.

Keywords: Galician and Spanish demography / Employment and population / Education and development.

1. EVOLUCIÓN DO EMPREGO E DA POBOACIÓN DE GALICIA NO PERÍODO 1976-2000

No ano 1976 Galicia contaba con 628 mil empregos non-agrarios e unha taxa de emprego non-agrario por cada mil habitantes moi baixa en relación coa media española e coa media dos países da UE e da OCDE. No ano 2000 alcanzamos 811 mil empregos non-agrarios e unha melloría na taxa de emprego non-agrario por cada mil habitantes.

O período 1976-85 foi negativo para a evolución do emprego non-agrario de Galicia, xa que as consecuencias das crises do petróleo, con importantes incrementos de aumento do prezo desta materia prima, se sentiron máis ca no conxunto de España e, como consecuencia, o emprego non-agrario descendeu ata 561 mil empregos, afastándonos da converxencia real coa UE tanto en taxas de emprego non-agrario como en renda per cápita. Desde 1986 a evolución foi en conxunto positiva, con algunhas oscilacións, ata acadalos 811 mil empregos non-agrarios no segundo trimestre do ano 2000, segundo os datos publicados polo INE.

No libro de Guisán (1990) *Galicia 2000: industria y empleo*, presentábanse uns obxectivos de creación de emprego non-agrario cara ós que debería tendela economía galega para alcanzar no ano 2000 un incremento importante da renda per cápita, con respecto a 1986, compatible cun crecemento moderado da poboación. O balance do período 1986-2000 foi bastante positivo, pois a realidade móstranos que o emprego non-agrario pasou de 578 mil persoas no 1986 a 811 mil no segundo trimestre do ano 2000. Este valor representa aproximadamente un 90% do obxectivo indicado nese estudio, que era de 919 mil empregos non-agrarios no ano 2000.

A pesar desta melloría, o peso de Galicia no emprego non-agrario de España sitúase arredor dun 6% e é inferior, polo tanto, ó que lle correspondería segundo o seu peso poboacional que se sitúa preto do 7% da poboación española. O perigo dunha diminución de poboación en Galicia ten a súa causa fundamental nesta diferenza de porcentaxes, xa que os modelos econométricos e outros estudos económicos poñen de manifesto que a poboación se distribúe entre as áreas e rexións dun país en función da distribución da renda e do emprego. Así, para evitar unha involución demográfica de Galicia, a mellor política é a de incentivala creación de emprego non-agrario e aumenta-lo peso de Galicia en España nesta variable ata situalo próximo ó 7% ou máis.

Galicia é a rexión española que tivo as taxas máis altas de emprego agrícola-pesqueiro e tivo que experimentar unha reconversión importante na segunda metade do século XX, ante a forte redución do emprego nesas actividades, para desenvolver actividades non-agrarias susceptibles de crear emprego.

Durante este período, o emprego agrario continuou a súa reconversión, de acordo coas tendencias internacionais, o que supuxo un descenso desde 575 mil em-

pregos agrícola-pesqueiros en Galicia no ano 1976 a 177 mil no segundo trimestre do ano 2000. Aínda que é desexable que esta cifra non diminúa, as tendencias do sector agrícola-pesqueiro en Europa e no mundo fan previsible unha lixeira diminución desta cifra e, polo tanto, as posibilidades de aumento do emprego total de Galicia céntranse nos sectores non-agrarios.

En diversos informes e publicacións da economía galega, coma os que indicamos na bibliografía, puxemos de manifesto a necesidade de impulsa-las políticas educativas, investigadoras, de investimento industrial e de impulso ós sectores de servicios, que poden facer que Galicia supere o seu atraso económico relativo con respecto a outras rexións españolas e europeas, da mesma forma que xa o conseguiron outras. Nos últimos anos houbo algunhas mellorías apreciáveis nalgúns sectores industriais e no turismo, e un incremento dos gastos en educación que tiveron un impacto positivo sobre o crecemento do emprego nos servicios, pero aínda é moito o que queda por facer para lograr un avance importante no peso que Galicia ten no emprego non-agrario de España.

Antes de presentármolas posibilidades e perspectivas da economía galega para as primeiras décadas do século XXI, faremos a seguir unha breve, pero bastante completa, análise de tres cuestións importantes en relación co tema que nos ocupa: 1) unha análise comparativa da evolución económica de Galicia e España no século XX, 2) unha análise dalgúns características relevantes da evolución demográfica de Galicia e de España nas últimas décadas do século e 3) unha perspectiva internacional do impacto da relación entre educación e desenvolvemento.

2. COMPARACIÓN INTERNACIONAL DO PIB POR HABITANTE E O EMPREGO DE GALICIA E ESPAÑA NO PERÍODO 1900-1999

A continuación analizámo-la evolución da produción por habitante de Galicia e España no período 1900-99, en comparación coa evolución de varios países europeos e de Estados Unidos e Xapón. As comparacións aquí efectuadas requiriron a consulta de numerosas fontes de datos de estatísticas oficiais e de estatísticas históricas que figuran en Guisán, Expósito e Cancelo (2000), así como a elaboración propia dalgúns datos e tendencias, de acordo coa información dispoñible.

No caso de España, o PIB real total multiplicouse por 12,8 no período 1900-1999, en Galicia aproximadamente por 8,9 e no conxunto da UE por 9,3.

A poboación de Galicia multiplicouse só por 1,3 e a de España por 2,11, mentres que a da UE o fixo por 1,6. En Galicia tanto a poboación como a produción total multiplicáronse por un factor menor do que en España e do que na UE, e a produción real por habitante multiplicouse aproximadamente por 6,8 mentres que en España ese factor foi de 6,1 e na UE de 5,8.

Galicia e España melloraron a súa produción real per cápita de forma importante a partir do ano 1960, aínda que sen lograr alcanza-la media da UE, mentres

que outros países como Irlanda e Italia, que en 1900-1970 estaban por baixo da media da UE, lograron alcanzar esa media no último tercio do século.

No período 1900-1960, Galicia pasou dun PIB por habitante aproximado de só 1,5 miles de dólares do ano 1990 a 2,70, mentres España pasaba de 2,3 a 4,1 e o conxunto dos 15 países que actualmente constitúen a UE de 3,4 a 7,9. Neste período produciuse unha diverxencia de Galicia e España con Europa occidental, xa que o PIB por habitante de España pasou do 67% da media da UE no 1900 a só un 52% no 1960, e no caso de Galicia esa proporción pasou dunha porcentaxe en torno ó 44% no 1900 a só un 34% no 1960.

Así pois, Galicia e España eran máis pobres cá media da UE no 1900 e, aínda que melloraron algo no período 1900-1960, fixérono tan lentamente que empeorou a súa situación relativa con respecto á media da UE. Isto debeuse, fundamentalmente, ó desfacemento educativo de Galicia e España coa media europea e coa media dos países industrializados. O nivel educativo da poboación española era moi baixo a principios de século e evolucionou nese período a un ritmo moi lento en comparación co importante desenvolvemento educativo que tiveron nese período outros países.

No período 1960-97, o incremento do PIB per cápita foi maior ca no período 1900-60 tanto en Galicia como en España e na UE, pois Galicia pasou dunha produción por habitante de 2,7 miles de dólares de 1990 no 1960 a 10,3 no 1997, España de 4,1 a 14,1 e a UE de 7,9 a 20,1. Na segunda metade do século XX mellorou a posición relativa con respecto á UE, de forma que a produción por habitante de España no 1997 supuxo un 70% da da UE e a de Galicia un 52%.

A fase de impulso do desenvolvemento das ensinanzas medias que tivo lugar en Galicia e en España na década dos sesenta, e das ensinanzas universitarias especialmente a partir do ano 1970, converteuse nun factor moi importante e decisivo para lograr este importante crecemento e a mellora da converxencia con Europa.

Outros factores como os recursos procedentes da emigración e o desenvolvemento turístico español, que contribuíron de forma importante a financiar a importación de produtos coma o petróleo e outros recursos necesarios para o desenvolvemento, tiveron tamén unha influencia decisiva no desenvolvemento galego e español das catro últimas décadas do século XX.

Non obstante, Galicia e España non lograron o mesmo grao de achegamento á media da UE que outros países, europeos e non-europeos, que comezaron o século con niveis por baixo da media da UE e que, sen embargo, lograron alcanza-la media da UE durante a segunda metade do século. Neste sentido é interesante a comparación con países como Irlanda, Italia e Xapón, que comezaron o século cun valor do PIB real por habitante similar ó de España ou ó de Galicia.

O Xapón tiña no ano 1900 un PIB por habitante de 1,5 dólares de 1990, moi similar ó de Galicia, pero no 1960 xa a superara claramente, cun valor de 5,1, e no 1970 xa superara a media da UE, cun valor de 12,5. O crecemento do Xapón é o

máis destacado no ámbito mundial no século XX xa que alcanzou un 26,5 no ano 1997, o que supón multiplicar por 17,66% a súa produción por habitante do ano 1900 e multiplicar por máis de 50 o seu PIB total en termos reais ó longo do século XX.

Italia tiña no 1900 un PIB de 2,5, moi similar ó de España, superouna no 1960 cun valor de 7 e alcanzou a media da UE a partir do 1970, sendo o seu PIB por habitante do ano 1997 de 20,5, algo superior a esa media. No período 1900-97 Italia multiplicou por 7,96 a súa produción por habitante e por 14 o seu PIB total en termos reais.

Irlanda, trala gran pobreza que a asolou durante o século XIX e que provocou grandes emigracións a USA, comezou o século XX co PIB por habitante lixeiramente superior ó de España, con 2,7 miles de dólares do 1990. Mantívose en niveis bastante similares ós de España ata finais da década dos oitenta e no período 1987-97 experimentou un despegue impresionante que a levou a se situar ó nivel da media da UE nese ano e incluso a superar esa media a partir do 1998.

Por outra parte, debemos de efectua-la comparación con Francia que, en moitos aspectos, é un exemplo importante para o desenvolvemento español, especialmente no nivel educativo, no desenvolvemento industrial e no financiamento da investigación. Francia tivo un século XX moi brillante no crecemento económico, a pesar das súas grandes perdas nas guerras mundiais, das que economicamente se recuperou. O PIB por habitante de Francia pasou de 3,6 miles de dólares do 1990 no ano 1900, daquela por baixo da media da UE, a un valor de 22,3 no 1997, e desde 1957 supera a media da UE.

O número de empregos non-agrarios medra de forma importante co desenvolvemento da industria, a construción e os servicios, mentres que o número de empregos agrarios tende a descender na maioría dos países a medida que o desenvolvemento non-agrario permite a moitos traballadores transvasarse de empregos peor remunerados no sector agrícola-pesqueiro a empregos mellor remunerados e con condicións laborais máis favorables en sectores non-agrarios.

No período 1900-1997 o emprego non-agrario de España pasou de 2,8 millóns a 11,6 millóns, mentres que en Francia o crecemento foi de 6,6 a 21,4 millóns, no Xapón de 7,4 a 62, na UE de 59,9 a 144 e en Estados Unidos de 15,9 a 127,2.

Galicia tiña no ano 1900 un nivel moi baixo de emprego non-agrario, con só 141 mil empregos, e pasou a 705 mil no 1997 e a 763 mil no 1999. No conxunto do século Galicia multiplicou aproximadamente por 5 o seu nivel de emprego non-agrario pero, a pesar deste importante incremento, a súa taxa de emprego non-agrario por cada mil habitantes no 1997 (con 258) estaba aínda por baixo da de España (con 297) e da UE (con 385). Estados Unidos (con 477) e o Xapón (con 492) superan claramente a media da UE.

Estes datos non son casuais senón que se deben ó desenvolvemento educativo e industrial deses países. Galicia e España teñen que incrementa-lo seu capital

humano e o seu capital físico, ámbolos dous moi relacionados como xa comentamos, para alcanza-la converxencia coa media da UE tanto en produción por habitante como en taxa de emprego non-agrario.

Ademais, o emprego agrario descendeu en Galicia nos últimos anos por efecto da evolución dos prezos agrarios europeos e internacionais e pola escasa participación da agricultura galega nas subvencións da UE debido á política agraria comunitaria. Como consecuencia diso, o poder adquisitivo da produción diminuíu no período 1980-99, tanto a prezos de mercado como a custo dos factores, pois as subvencións non lograron paliar-lo descenso dos prezos relativos.

O descenso dos prezos relativos dun gran número de produtos agrarios, en comparación co índice xeral de prezos ó consumo, é un fenómeno bastante perturbador cando supera determinados límites no desenvolvemento agrícola mundial nunha época de globalización. A produción de países, como Estados Unidos, cun maior grao de mecanización e de produción en grandes explotacións, ofértase a uns prezos tan baixos que fan moi difícil a supervivencia de pequenas explotacións agrícolas en moitos países.

Aínda que non podemos estendernos agora polo miúdo sobre esta importante cuestión, quero sinalar que é conveniente que as normas do comercio internacional permitan un certo grao de protección á produción agraria de cada país, ou área de integración económica, para o seu propio abastecemento, o cal é perfectamente compatible cun certo grao de libre comercio e, ademais, ten outros efectos desexables como a diminución da contaminación ambiental xa que o achegamento dos produtores ós mercados consumidores diminúe a contaminación provocada polo transporte. Iso evitaría as perdas de renda real da agricultura neses países e rexións e contribuiría a manter un maior número de empregos no sector.

A política agraria da Unión Europea permitiu paliar nalgúns casos a diminución da renda real da agricultura derivada da diminución dos prezos relativos, mediante unha política de subvencións que peca de desequilibrios internos importantes e que conviría mellorar. O reparto das subvencións prima xeralmente máis á agricultura intensiva en terras e con escaso emprego por unidade de superficie, máis propia do norte dos países que constituían a CEE-9, que ás agriculturas de moitas rexións do sur da UE, como Galicia e diversas rexións italianas, portuguesas e gregas, como se pon de manifesto no interesante estudio da agricultura rexional de Colino, Noguera e Rodríguez (2000).

O feito de que a política agraria da UE, e da súa antecesora a CEE, se desenvolvera con escaso diálogo con moitos sectores sociais, e en particular cunha escasa receptividade ás perspectivas dos investigadores universitarios en Economía e noutras áreas, fixo que non se desenvolveran de forma suficiente aspectos que son de indubidable interese coma un reparto das axudas que favoreza o desenvolvemento rural nas rexións con altas taxas de emprego no sector, así como unha maior promoción da calidade dos produtos e do medio ambiente.

O emprego agrario de Galicia pasou de 424 empregos agrarios por cada mil habitantes no 1900, segundo os datos dos *Censos de poboación* que figuran en Guisán (1990), a 282 no 1970 e só a 72 no 1997. O Xapón experimentou un descenso similar no período 1900-1970 e continuou o descenso ata un nivel de só 13 empregos por cada mil habitantes no 1997, pero no caso do Xapón, como xa comentamos, a creación dun número importante de empregos non-agrarios permitiu absorber-lo excedente da agricultura e da pesca.

Galicia aumentou o seu nivel de emprego non-agrario, aínda que nunha proporción menor cá de España ou a da UE. No período 1970-1997 Galicia creou case 200 mil empregos non-agrarios, pasando de 520 a 705, o que supón un crecemento do 35%. No ano 1900 Galicia tiña só 68 empregos non-agrarios por cada mil habitantes, segundo os datos do censo, pero, a pesar de que mellorou moito ó alcanzar 194 no 1970 e 258 no 1997, aínda está nun nivel baixo en comparación coa media da UE.

3. EDUCACIÓN E DESENVOLVEMENTO: PERSPECTIVA INTERNACIONAL NO SÉCULO XX

O maior desfasamento que Galicia e España tiveron con respecto ós países máis avanzados é o grande atraso na implantación xeral dos estudos de ensinanza secundaria completa e maila escaseza dos orzamentos universitarios, como tamén se pon de manifesto neste estudo e noutros. As profesoras Canelo e Guisán (1998) comparan os niveis educativos, o investimento e maila capacidade exportadora dos países da OCDE no período 1964-94, poñendo de relevo o papel esencial da educación xeral da poboación na competitividade dos países. Pola súa parte, en Guisán, Neira e Aguayo (2000) realízase un estudio comparativo de España, Francia e Irlanda no período 1960-99, que permite explicar de forma moi clara o efecto positivo que a educación tivo para impulsa-lo desenvolvemento de Francia e Irlanda por riba do nivel de renda per cápita de España.

España tardou moito tempo en decidirse a supera-lo seu atraso secular en educación con respecto ós países máis avanzados como Suíza, Estados Unidos, os países nórdicos e outros. Na primeira metade do século XX reduciu sensiblemente as altas taxas de analfabetismo que tiña a principios de século, pero non foi ata despois do 1960 cando acometeu un impulso decidido á educación secundaria e superior.

Ó longo da década dos 60 ampliáronse de forma importante, tanto en Galicia como en España, o número de alumnos e de centros de segunda ensinanza. O total de alumnos galegos de bacharelato xeral e técnico pasou de 34.653 no curso 1959-60 a 73.399 no curso 1967-68. En España o número de alumnos de bacharelato xeral tamén se duplicou neses anos, pasando de 564 mil a un millón cen mil. Ta-

mén comezou a expansión de centros universitarios que tería un gran lanzamento a partir do ano 1970 e nas décadas posteriores.

No ano 1964 España tiña só un 2,1% da poboación maior de 25 anos con estudos secundarios de segundo ciclo completos ou nivel superior, mentres que moitos países europeos tiñan xa daquela porcentaxes en torno ó 20% e os máis avanzados como Suíza, o Xapón e os EE.UU. superaban o 40%. No caso dos Estados Unidos varias estimacións sitúan ese nivel en máis dun 60%.

Galicia, como moitas rexións españolas, sitúase en niveis similares á media nacional e, polo tanto, tamén tiña un importante déficit de capital humano. No período 1964-97 a situación mellorou substancialmente en Galicia e en España, de forma que no 1997 a media nacional de estudos secundarios completos foi dun 30%, semellante ó nivel que tiñan moitos países europeos no ano 1970. As rexións españolas con maiores niveis de PIB per cápita e de taxa de emprego non-agrario son xeralmente as que teñen un nivel educativo medio superior á media nacional e neste sentido destaca moi claramente Madrid.

A pesar deste avance, a situación relativa con respecto á maioría dos países da OCDE e da UE non é moi favorable para España, xa que nos superan amplamente non só nesa porcentaxe, que excede en moitos casos o 60% no 1997, senón tamén no gasto educativo por alumno e, en xeral, nos medios postos ó servizo da calidade educativa.

Cada día son máis numerosos os investigadores que atribúen unha importancia de primeira orde ó factor educativo, como puxeron de manifesto os principais estudos internacionais de modelos de educación e desenvolvemento que se expoñen en Neira e Guisán (1999) e en Guisán e Neira (2000), así como diversos estudos históricos de gran relevancia como os de Maddison (1987) e Lindes (1999), ou as análises máis recentes realizadas en reunións de alto nivel de expertos internacionais da OCDE e doutras institucións e organismos.

En Neira e Guisán (1999) efectúase unha revisión moi completa dos modelos econométricos internacionais desenvolvidos polos investigadores económicos para explica-lo importante papel da educación no crecemento. Os diversos estudos evidencian que o capital humano, medido por indicadores cuantitativos e cualitativos da calidade da educación e da investigación, é o factor máis importante dos que explican o incremento do investimento productivo, a competitividade dun país en calidade e cantidade, e a creación de emprego.

4. ECONOMÍA E DEMOGRAFÍA EN GALICIA E EN ESPAÑA

Por outra parte, cómpre non esquecer que os modelos demográficos poñen de manifesto a grande importancia que a renda real e mailo emprego teñen sobre os movementos de poboación, como se indica en Guisán (1985) e en Guisán, Aguayo

e Expósito (2000). Neste último estudio efectúase unha análise comparativa entre poboación e emprego das rexións españolas, no cal se distingue entre as rexións que perderon peso poboacional, as que o manteñen e as que o incrementan. As rexións que máis incrementan a súa poboación son as que son capaces de crear máis emprego e máis renda.

En Guisán, Cancelo, Vázquez e Iglesias (1997) e noutros estudos como os que alí se citan analízase a evolución demográfica de Galicia ó longo do século XX e as súas perspectivas de acordo coa súa capacidade de xerar emprego. Para os estudos da demografía de Galicia resulta sorprendente que a nosa rexión, a pesar de presentar unha escasa industrialización ó longo do século XIX, tivese un peso poboacional moi importante no conxunto de España, en torno ó 13% da poboación española a metade dese século, e que aínda conservase unha densidade de poboación por km² no século XX superior á media nacional.

Algúns feitos históricos que explican esta situación xunto ó grave desequilibrio entre a poboación e os recursos productivos, por insuficiencia destes, que se produciu a finais do século XIX e na primeira metade do século XX e que tan ben destacou o profesor Eiras (1997), débense ó illamento de Galicia e ó desenvolvemento do seu sector agrícola-pesqueiro. O illamento xeográfico de Galicia durante moitos séculos, debido á súa situación periférica e á dificultade das comunicacións terrestres, explica que moitos desastres demográficos ocasionados por pestes e por outras enfermidades contaxiosas noutras rexións españolas desde a Idade Media non tiveran tanta repercusión na nosa rexión, e o incremento da capacidade agrícola-pesqueira explica a capacidade de Galicia para facerlle fronte ó seu crecemento demográfico cando menos cun nivel de subsistencia básico durante varios séculos.

A poboación de Galicia medrou nunha proporción menor cá española e cá europea occidental durante o século XX, debido fundamentalmente á emigración que foi a resultante do desequilibrio entre poboación e recursos, como moi ben sinalou en diversas ocasións o profesor Eiras Roel. A poboación de dereito pasou de 2 millóns de persoas no 1900 a 2,7 no 1950, manténdose en torno a este nivel no ano 2000 logo de acadar un máximo de 2,85 millóns no ano 1989. O peso poboacional de Galicia no conxunto de España pasou do 11% no 1900 a un valor en torno ó 6,5% no ano 2000.

A diminución das taxas de natalidade de Galicia e de España, nalgúns anos da última década do século XX, ocasionou preocupación nos medios de comunicación e certa alarma social, pois apareceron voces que claman por incentivar a natalidade e a inmigración para, supostamente, aumentar a renda e maila capacidade de pagar as pensións de xubilación, tanto no caso de Galicia como no de España. Sen embargo, os economistas temos que analizar esta problemática con rigor e afirmar que:

- 1) Non é certo que o estancamento da poboación de España supoña ningún perigo para as pensións, xa que a capacidade económica do país depende do seu nivel educativo, do seu dinamismo económico e da súa competitividade e non do incremento do seu número de habitantes.
- 2) Non é certo que os incentivos á natalidade abonden por si sós para garantir que unha rexión como Galicia non perda peso poboacional no conxunto español, xa que este peso depende fundamentalmente das oportunidades de renda e emprego que Galicia lles ofrezca ós seus habitantes.

Aínda que o conxunto de España presenta un incremento moderado pero positivo da poboación, observouse unha diminución xeneralizada da natalidade nas rexións españolas, nas últimas décadas do século XX, e iso produciu unha certa alarma social.

Neste sentido cómpre destacar que a evolución demográfica do conxunto das rexións españolas é bastante normal e que se aproxima á europea, aínda que con algunhas peculiaridades importantes que non sempre se tiveron en conta nas análises que se realizan nos medios de comunicación, entre as que destacámo-las seguintes:

- 1) Por unha parte, o impacto da relixión católica influíu no atraso da adaptación española ó esquema internacional. A pauta demográfica nos países con certo nivel de desenvolvemento é a de diminuí-las taxas de natalidade a medida que diminúen as taxas de mortalidade para que non se dispare o seu crecemento demográfico. Esta adaptación realizouse suavemente na maioría dos países da UE, e en España esa adaptación produciuse dunha forma máis brusca e tardía ca noutros países.
- 2) Por outra parte, o atraso educativo de España con respecto a outros países industrializados tivo tamén influencia no atraso nesa adaptación, xa que en xeral o nivel educativo impulsa ese equilibrio de taxas.
- 3) Tamén cómpre ter en conta o impacto transitorio que os efectos demográficos da diminución da natalidade, durante os anos da guerra civil española de 1936-39, tivo sobre o número de fillos e netos das cohortes de idade correspondentes, o que contribuíu a acentua-lo descenso da natalidade na última década do século XX.

A pesar destas circunstancias, España tivo un crecemento demográfico positivo nas últimas décadas aínda que algunhas rexións experimentaron un lixeiro descenso poboacional e Galicia presenta un estancamento.

As verdadeiras causas deste estancamento demográfico de Galicia atópanse nas variables económicas de renda e emprego, como se puxo de manifesto en Hispa-

link (2000) e en Fernández e López (2000), xa que a cuestión de mellora-lo equilibrio demográfico de Galicia e a súa capacidade de xerar renda non depende das taxas de natalidade nin da inmigración en si senón da súa capacidade de xerar emprego. A creación de emprego xera rendas e facilita tanto a non-emigración da poboación residente como a capacidade de atraer poboación do exterior, así como a capacidade das mulleres e dos homes novos para crear un fogar e adoptar-la decisión de ter fillos.

Así pois, o reto de Galicia no século XXI é xerar emprego, e por iso este tema debería de recibir unha atención maior que botamos en falta aqueles que nos dedicamos á súa análise económica, xa que nin dispoñemos en xeral de recursos suficientes para o noso traballo, nin tampouco recibimos en xeral moitos apoios para a publicación e difusión dos estudos que realizamos. Na próxima sección analizaremos algúns dos principais retos que se lle presentan a Galicia para un desenvolvemento equilibrado no século XXI.

5. POSIBILIDADES E PERSPECTIVAS PARA O SÉCULO XXI

Unha cuestión clave como a adecuación dos recursos educativos á potenciación do capital humano e do capital social necesarios para incrementa-lo desenvolvemento económico e demográfico non recibiu ata agora, como moi ben sinalan Herranz e Díez (1999), a atención que merece, e as poucas voces que intentaron tratar esta cuestión víronse en moitas ocasións marxgadas e cunha escasa ou nula presenza nos medios de comunicación.

Desde 1970 a educación superior e media aumentaron de forma importante en Galicia polo que respecta ó número de alumnos aínda que os orzamentos, a pesar de que se ampliaron, son polo momento bastante baixos en comparación internacional particularmente no nivel universitario, segundo os datos da OCDE. Precísanse tamén apoios para as melloras educativas, especialmente nos niveis de formación profesional xa que, aínda que se fala moito, na realidade se constatan poucos avances neste sentido e iso ten unha influencia importante na calidade da produción de numerosos bens e servicios e na eficiencia empresarial.

A insuficiente dotación que Galicia recibe, tanto de España como de Europa, para o financiamento da investigación en ciencias económicas e sociais e, en xeral, en tódolos campos non-tecnolóxicos é un grave problema que condiciona de forma importante as posibilidades de desenvolvemento económico e de creación de emprego. Neste sentido, podemos lembra-los datos do informe Hispalink (2000) e o estudo das profesoras Guisán, Cancelo e Díaz (1998) que poñen de manifesto a escasísima axuda que por termo medio reciben estes investigadores universitarios.

Neste sentido, cómpre destaca-la importancia do capital humano e social non-tecnolóxico para contrarresta-las campañas de difusión esaxerada da importancia

tecnolóxica. Cómpre, xa que logo, insistir en que o desenvolvemento económico e social depende da educación e da investigación tamén en economía, ciencias sociais e humanidades, e que as ciencias experimentais e a tecnoloxía non son, en xeral, suficientes en si mesmas para garantir unha maior calidade de vida.

Nos últimos anos algúns sectores de opinión, con peso importante na política investigadora española, insistiron en presenta-lo problema de mellora da competitividade como unha cuestión exclusivamente relacionada co desenvolvemento tecnolóxico empresarial. Sen embargo, tódolos economistas cualificados de España e do mundo sinalan que non é esa a única, nin sequera a máis importante cuestión, e que o papel do capital humano e social é xeralmente máis importante que incrementa-la tecnoloxía, aínda que moitas veces ámbalas dúas variables evolucionan conxuntamente noutros países de forma que se aumenta ese capital humano e social aumenta tamén a capacidade tecnolóxica da industria.

Neste contexto, Galicia ten que cando menos duplica-lo seu orzamento de investigación e de educación, á vez que se deben impulsa-las iniciativas que promoven cambios cualitativos da educación a tódolos niveis, incentivando a aqueles profesores e directores de equipos docentes e investigadores que son capaces de xerar dinamismo, interese polo estudio e capacidade de resolución de problemas. A lexislación educativa española das últimas décadas do século XX foi bastante negativa en moitos aspectos, particularmente no caso da Lei de Reforma Universitaria (LRU) que estivo vixente desde 1983 e que no ano 2000 se recoñece como un fracaso por moitos sectores educativos pero sen que o Goberno e o Parlamento españois acometan medidas elementais de reforma en cuestións fundamentais para un desenvolvemento educativo harmónico e coherente.

Para Galicia isto é transcendental, xa que a calidade de moitos dos seus profesores e investigadores é unha das poucas fortalezas nas que pode basearse o seu desenvolvemento futuro. Neste sentido, a superación das carencias económicas e organizativas da Universidade e a colaboración entre o mundo empresarial, o universitario e as administracións públicas no ámbito estatal, autonómico e local son esenciais para que Galicia poida acometer nas primeiras décadas do século XX un achegamento decisivo ós niveis de emprego e calidade de vida propios das rexións europeas máis avanzadas.

BIBLIOGRAFÍA

- CANCELO, M.T.; GUISÁN, M.C. (1998): *Educación, inversión y competitividad en países de la OCDE 1964-94*. (Documentos de Econometría, núm. 12). Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico.
- COLINO, J.; NOGUERA, P.; RODRÍGUEZ, M. (1999): *La agricultura gallega en la Unión Europea. Balance del primer decenio*. Fundación Caixa Galicia.

- EIRAS, A.(1997): “La población de Galicia, 1600-1880”, en: *Consecuencias de la transición demográfica*. Caixa Galicia.
- GUISÁN, M.C. (1985): “Crecimiento económico y distribución espacial de la población”, *Papeles de Economía Española*, núm. 3, pp. 75-82.
- GUISÁN, M.C. (1990): *Galicia 2000: industria y empleo*. Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico.
- GUISÁN, M.C.; AGUAYO, E.; EXPÓSITO, P. (2000): “El empleo en las regiones españolas”, *XXIII Jornadas Hispalink*. Oviedo.
- GUISÁN, M.C.; CANCELO, M.; DÍAZ, R. (1998): “Gasto en investigación y su impacto sobre el crecimiento regional”, *XII Reunión Asepelt-España*. Córdoba.
- GUISÁN, M.C.; CANCELO, M.; VÁZQUEZ, E.; IGLESIAS, A. (1995): *Perspectivas demográficas de Galicia*. (Documentos de Econometría, núm. 3). Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico.
- GUISÁN, M.C.; EXPÓSITO, P.; CANCELO, M.T. (2000): “Evolución comparada del PIB por habitante, el empleo y la competitividad de USA, Japón y Europa en el siglo XX”, *XIV Reunión Asepelt-España*. Oviedo.
- GUISÁN, M.C.; NEIRA, I. (2000): *Educación y desarrollo. Una perspectiva mundial*. (En prensa). (Véxase <http://www.usc.es/economet>).
- GUISÁN, M.C.; NEIRA, I.; AGUAYO, E. (2000): “Análisis comparativo del desarrollo económico de España, Francia e Irlanda en el período 1960-99”, *XIV Reunión Asepelt-España*. Oviedo.
- HISPALINK (2000): *Situación y perspectivas económicas de Galicia*. (Informe, núm. 5). Hispalink-Galicia. (Véxase <http://www.usc.es/economet>).
- LINDES, D. (1999): *La riqueza y la pobreza de las naciones*. Barcelona: Crítica.
- FERNÁNDEZ LEICEAGA, X.; LÓPEZ IGLESIAS, E. (2000): *Estructura económica de Galicia*. Santiago de Compostela: Laivento.
- NEIRA, I.; GUISÁN, M.C. (1999): *Modelos econométricos de capital humano y crecimiento económico*. (Documentos de Econometría, núm. 18). Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico.
- MADDISON (1987): *L'économie mondiale au 20e siècle*. París: OCDE.